

O ÚLTIMO SOÑO DO VELLO CARBALLO

No bosque, no alto do noiro e xunto á praia aberta, había un carballo vellísimo. Tiña exactamente trescentos sesenta e cinco anos, aínda que, para tal árbore, todo ese longo tempo non era máis que para nós o mesmo número de días. Nós pasamos o día espertos e durmimos durante a noite, e é daquela cando soñamos. A árbore é distinta, a árbore pasa esperta tres estacións do ano, e só dorme durante o inverno, o inverno é a súa noite tralo longo día que chamamos primavera, verán, outono.

Moitos días quentes do verán, ese insecto pequeniño que chamamos efémera, bailaba ao redor da copa, vivindo, aboiano e sentíndose feliz, e a pequena criatura descansaba logo un momento, en muda felicidade, sobre unha das grandes e zumentas follas do carballo, e a árbore dicía sempre: «¡Coitadiña! A túa vida un único día, ¡que curta!, ¡que triste!»

—¿Triste? —respondía sempre a efémera—, ¿que queres dicir? Todo é tan marabillosamente luminoso, tan cálido e precioso, ¡e eu estou tan contenta!

—Pero é a penas un día, e todo se acaba.

—¿Que se acaba? —dixo a efémera—. ¿Que é acabar? ¿Ti tamén te acabas?

—Non, eu vivo aquí milleiros dos teus días, e o meu día é un ano enteiro. Tanto tempo, que ti non poderías calculalo.

—Non, porque non te comprendo. Ti tes milleiros dos meus días, pero eu teño milleiros de intres para ser feliz e estar alegre. ¿Ha desaparecer toda a fermosura do mundo cando ti morras?

—Non —dixo a árbore—. Ha seguir existindo durante moitísimo tempo, moito máis do que eu podoo imaxinar.

—Pois, daquela, os dous vivimos o mesmo, anque contamos de forma diferente.

E a efémera bailaba e arrandeábase na árbore, alegrábase coas súas finas e artísticas ás de gasa e veludo, alegrábase co aire quente, sazonado do aroma do trevo e das rosas silvestres, do sabugo e da madreSelva das sebes, para non falar das primulas e da menta. O aroma era tan intenso que a efémera cría que se ía emborrachar. O día era longo, cheo de xúbilo e doces sensacións. E cando o sol se puña, o pequeno insecto sentíase docemente canso, tras todas aquelas alegrías. As ás xa non a mantiñan no aire, e, pouco e pouco, ía caendo nas brandas frangullas da herba que abaneaban no vento, e inclinaba a cabeza como elas saben, e adormecía feliz; era a morte.

—¡Pobriña efémera! —dicía o carballo—. ¡Que vida tan breve!

E tódolos días do verán repetíase a mesma danza, a mesma parola, as mesmas respostas e o mesmo adormecemento. Repetíase con tódalas xeracións de efémeras, e todas eran igual de felices, igual de alegres. O carballo pasara esperto a súa mañá de primavera, o seu mediodía de verán e

o seu solpor de inverno, xa chegaba a hora de durmir; a súa noite, o inverno, estaba para chegar.

Xa cantaban as treboadas: «¡Boas noites, boas noites! ¡Cae unha folla, cae unha folla! ¡Collerémola, collerémola! ¡Xa podes durmir! ¡Cantarémosche para que durmas, arroiaremoste para que durmas!; ou, que diga, iso estraga as pólas vellas, trónzanse de puro gusto. ¡Durme ben, durme ben! É a túa tricentésima sesaxésima quinta noite, en realidade es aínda un mociño. ¡Durme ben! A nube derrama neve, formará unha magnífica camada, unha manta quentiña aos teus pés. ¡Durme ben e soña tranquilo!»

E o carballo espiuse de tódalas súas follas para descansar durante todo o longo inverno, e nese tempo tería moitos soños, sempre vividos, coma os soños das persoas.

Tamén el fora cativo, unha landra fora o seu berce. Segundo a conta dos seres humanos, xa estaba vivindo o cuarto século. Era a máis vella e a máis imponente de tódalas árbores do bosque, a súa copa sobranceaba de tódalas outras árbores e víase desde o mar, a moita distancia; servía de sinal para os barcos. A árbore non pensaba en cantos ollos a buscaban. No alto da súa verde copa facían os seus niños os pombos e cantaba o cuco, e no outono, cando as follas semellaban brunidas placas de cobre, chegaban as aves de paso e descansaban nel antes de sobrevoaren o mar. Pero agora era inverno, a árbore non tiña follas, podíase ver como eran de retortas e nodosas as súas pólas. Choias e grallas viñan pousar de través nas pólas, e

falaban dos duros tempos que se aveciñaban, e do difícil que sería atopar comida no inverno.

Foi precisamente na santa época do Nadal cando a árbore soñou o seu máis fermoso soño. Oiámolo.

Á árbore dáballa a alma que era tempo de festa, coma se oíse repenicar as campás das igrexas. E era igual ca un espléndido día de verán, maino e temperado. A árbore espallaba, zumenta e verde, a súa poderosa copa, as raiolas verdelucían, o aire estaba cheo do aroma de herbas e arbustos. Bolboretas multicolores xogaban ás agachadas, e as efémeras danzaban como se todo existise soamente para elas, danzaban felices. Todo o que a árbore vivira e vira ao seu redor a través dos anos pasou ante el como nunha gran procesión. Viu cabaleiros e damas dos tempos antigos, con plumas no sombreiro e o falcón na man, cabalgando polo bosque. Soaba o corno de caza e os cans ladraban. Viu soldados inimigos con cegadoras armas e roupaxes multicolores, con lanzas e alabardas, que chantaban as tendas e volvían levantalas. O lume da garda ardía, e cantaban e durmían baixo as pólas abertas da árbore. Viu amantes que se xuntaban alí, rebordantes de felicidade, e que gravaban os seus nomes, as súas iniciais, na verdosa casca, ao luar. Moito tempo atrás houbera cítaras e arpas de Eolo penduradas das pólas do carballo, puxéranas alí rapaces alegres e vagabundos, e agora volvían estar alí outra vez, volvían emitir os seus tristes sons. Os pombos zuraban como querendo contar o que a árbore

sentía, e o cuco cantaba os días de verán que aínda habían de vir.

Foi entón coma se un novo río de vida fluíse ata a máis pequena das súas raigañas e a máis alta das súas ramas, ata as follas. A árbore sentiu que ancheaba, mesmo percibiu coas raíces que tamén a terra estaba viva e quente. Advertiu que a súa forza medraba, a árbore íase facendo máis e máis grande. O tronco alongouse, medrou sen parar, a copa volveuse máis frondosa, abriuse, ergueuse... e, conforme a árbore medraba, tamén medraba o seu benestar, un desexo benéfico de ser máis alta, de chegar ata o brillante e cálido sol.

Xa era máis alta cás nubes, as cales, como escuros bandos de aves de paso e brancos tropeis de cisnes, voaban por debaixo dela.

E tódalas follas podían ver, coma se tivesen ollos. As estrelas eran visibles de día, grandes e escintilantes, todas e cada unha delas relucían coma ollos doces e claros, lembrábanlle uns ollos coñecidos e amados, os ollos dos nenos, os ollos dos amantes que se xuntaban debaixo da árbore.

¡Foi un intre feliz, tan cheo de paz! E, sen embargo, a árbore sentía, no medio daquela paz, o desexo e a ansia de que tódalas árbores do bosque, tódolos arbustos, as herbas e flores de alá embaixo puidesen elevarse con ela e compartir o seu esplendor e ledicia. O carballo, no seu marabilloso soño, non era totalmente feliz se non podía telos a todos, grandes e pequenos, á súa beira, e aquela sensación reverberou polas ramas e as follas tan profundamente, con tanta forza como no peito do ser humano.

A copa da árbore movíase coma se estivese buscando algo que botaba de menos, mirou para atrás e percibiu o aroma das aspérulas e o máis forte aínda da madreSelva e da violeta; creu que estaba oíndo o cuco.

Si, entre as nubes asomaba a verde copa da árbore, que miraba como as outras árbores medraban debaixo dela, elevándose tamén no aire. Herbas e arbustos ascendían. Algunhas libraron as raíces e voaron aínda máis á présa. A bidueira era a máis rápida, coma un branco raio crepitaba o tronco lanzal mentres se erguía, as pólas ondeaban como verdes veos e bandeiras. Todo o bosque medraba tamén, ata os pardos xuncos, e os paxaros acompañábano garulando, e sobre as frangulias de herba solta que se axitaban como verdes fitas de seda estaba pousado o saltón, esfregando as súas ás contra as tibias. Os abellóns e as abellas zoaban, tódalas aves cantaban cos seus bicos, todo era canto e ledicia ata o ceo.

—Pero a floríña vermella que está ao bordo da auga debería vir tamén —dixo o carballo—. E a campaiña azul e a pequena margarida —si, a árbore quería telas a todas á súa beira.

—¡Xa imos, xa imos! —cantaban.

—Pero as bonitas aspérulas do verán pasado, e todo aquel tapiz de alelís que houbo ese ano, e a maceira brava, ¡moi linda era!..., e toda a fermosura do bosque de todos eses anos..., se chegaron a vivir ata hoxe, tamén podían estar agora comigo—¡Xa imos, xa imos! —oíuse o cántico, e desde máis arriba aínda, como se chegase voando.

—¡É fantástico, é increíble! —berraba de gozo o vello carballo. ¡Todos están comigo! ¡Grandes e pequenos! ¡Non falta ninguén! ¿Como podería imaxinar tanta felicidade?

—No ceo de Deus é posible, é imaxinable —oíuse.

E a árbore, que medraba sen parar, sentiu que as súas raíces se soltaban da terra.

—¡Isto é o mellor de todo! —dixo a árbore—. Agora nada me retén. Podo voar ata o máis alto chea de esplendor. ¡E teño á miña beira os que quero ben, grandes e pequenos! ¡Todos á miña beira!

¡Todos!

Este foi o soño do carballo e, mentres soñaba, desatouse unha violenta treboada sobre o mar e a terra, naquela santa Noiteboa. O mar batía contra a terra en ondas enormes, a árbore renxeu, quebrouse e foi arrincada de raíz no mesmo intre en que estaba soñando que as súas raíces se soltaban. Caeu. Os seus trescentos sesenta e cinco anos eran agora coma un día para a efémera.

Na mañá do Nadal, cando saíu o sol, a treboada xa pasara. As campás de tódalas igrexas repenicaban a festa e de tódalas chemineas dos tellados, mesmo da máis pequena, erguíase o fume azulado coma se fosen altares de druídas, fume dos sacrificios de acción de gracias. O mar foi acalmando, e no gran buque que aquela noite soubera resistir a tempestade ondeaban agora, fermosas, as bandeiras na festa do Nadal.

—¡A árbore non está! O vello carballo, o noso sinal na costa —dixeron os mariñeiros—. Caeu nesta noite de treboada. ¡Nada ha poder substituíla!

Aquel foi o panexírico, curto pero con boa lei, que ofreceron á árbore que xaceu tendida sobre o manto de neve, á beira da praia. E ata alí chegou o son dos salmos desde os barcos, o canto feliz do Nadal, da liberación do home por Cristo para a vida eterna.

Cantade, cantade, igrexa de Deus.

Aleluia polo seu favor;

non hai nada coma a paz;

aleluia, aleluia.

Tal soaba o vello salmo, e tódolos do barco se elevaron, ao seu xeito, con el e coa oración, igual que a vella árbore se elevara no seu último e máis fermoso soño aquela Noiteboa.

HANS CHRISTIAN ANDERSEN, *Contos de Andersen*, Xerais, Vigo,
1999.